

**Expediente núm.:** 125/2024

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos. Contratación de persoal temporal no marco do Plan de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña. Anualidade 2024 (PEL-CONCELLOS)

**ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR E FASE OPOSICIÓN**

Reunidos na Casa de Cultura do Concello de Outes, o 15 de maio de 2024, os integrantes do Tribunal cualificador, que se constitúe para valorar as probas relativas ao proceso de selección de catro prazas de operarios de servizos múltiples, no marco do Plan de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña. Anualidade 2024 (PEL-CONCELLOS), os membros do Tribunal cualificador formado por:

Cargo	Identidade
Presidente	D. Andrés Busto Allo
Secretaria	D <sup>a</sup> Juana Pedrosa Leis
Vogal	D <sup>a</sup> Berta Buján Casanova
Vogal	D <sup>a</sup> Sofía Pérez Figueira
Vogal	D. Manuel Rama Dosil
Asesora do tribunal	D <sup>a</sup> Irene Espasandín Bermúdez

O acto ten por finalidade levar a cabo dito procedemento de selección, segundo a lista definitiva de aspirantes admitidos-as aprobada polo Decreto nº 2024-0231 de data 08/05/2024. Para elo procédese a:

**PRIMEIRO.** Realizar e avaliar o primeiro exercicio da fase de oposición tal e como se sinala na base 7.B.1) da convocatoria.

Os aspirantes foron chamados individualmente para a realización do mesmo. Non se presentaron os aspirantes Domínguez Barreiro, M<sup>a</sup> Luisa; Duarte Reimúndez, José Antonio; Edreira Campos, Manuel Ángel; Fernández Rodríguez, Javier; Montes Teijido, Roberto e Ramos Martínez, Juan Carlos. . Ditos aspirantes quedan excluídos do proceso de selección atendendo á base 7.B.1) da convocatoria onde di “. PROBA TEÓRICA TEÓRICO-PRÁCTICA (de carácter obrigatorio e eliminatorio”.

*Unha vez explicada, segundo as bases da convocatoria, a execución da proba, os aspirantes procederon á realización da mesma.*

Atendendo ás respostas correctas das preguntas do primeiro exercicio da fase de oposición (xúntase como Anexo a esta Acta a proba presentada aos aspirantes coas respostas correctas sombreadas en amarelo); a cualificación do primeiro exercicio é a seguinte:



Identidade do/a aspirante	Tipo test	Suposto práctico	Total
Saez Zambrana, Raúl	4.50	10.00	14.50
Alvite González, Irene	4.50	6.66	11.16
Lado Pais, María José	4.50	6.66	11.16
Somoza Sieira, Agustín	4.50	6.66	11.16
Domínguez Domínguez, José Antonio	4.00	6.66	10.66
Silva Rodríguez, Divina	4.00	6.66	10.66
Durán Pérez, Luis	3.50	6.66	10.16
Leis Arcos, Benedicto	3.50	6.66	10.16
Barros Nieto, Fernando	3.00	6.66	9.66
Fernández Rodríguez, Raquel	3.00	6.66	9.66
Mayo Lestón, Óscar	3.00	6.66	9.66
Lestón Otero, Santiago	4.00	3.33	7.33
Añón Torea, Silvestra	4.00	3.33	7.33
Martínez Ugena, María Paloma	3.50	3.33	6.83
Santiago Caamaño, Cristian	2.00	3.33	6.83
Santos Lestayo, Juan Alberto	3.50	3.33	6.83
Baña Baña, Francisco Antonio	3.00	3.33	6.33
Gallardo Sanmartín Eduardo	3.00	3.33	6.33
Martínez Formoso, Santiago	3.00	3.33	6.33
Salgueiro Rey, María Begoña	3.00	3.33	6.33
Río Teira, María Dolores	1.50	3.33	4.83
Fiuza Romero, Domingo Manuel	2.50	0.00	2.50
Martínez Ríos, Estefanía	2.00	0.00	2.00



**SEGUNDO.** Establecese un prazo de reclamacións dende a data de publicación desta acta ata o mércores, 29 de maio, ás 14:00 horas.

**TERCEIRO.** Segundo a base 7.B.) unha vez rematada a fase de oposición as/os aspirantes que non acreditaron que posúen o Celga 2 ou equivalente, deberán realizar unha **proba práctica de coñecemento do galego**. A proba terá lugar o vindeiro **xoves, 23 de maio, ás 10:00 horas no Salón de Plenos da Casa do Concello de Outes**,

Os/as aspirantes convocados á mesma son:

<b>Identidade do/a aspirante</b>
Silva Rodríguez, Divina
Sáez Zambrana, Raúl
Fiuza Romero, Domingo Manuel
Baña Baña, Francisco Antonio
Martínez Formoso, Santiago
Río Teira, María Dolores
Salgueiro Rey, María Begoña

O Presidente dá por terminada a reunión ás 11.30 horas.

### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



## ANEXO I

**FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO OPERARIOS/AS SERVIZOS  
MÚLTIPLES (PEL 2024)**

- **Nome e apelidos:** \_\_\_\_\_
- **DNI:** \_\_\_\_\_

O exame consta de 2 partes:

1ª Cuestionario de **10 preguntas tipo test** e **3 de reserva** que teñen que ser contestadas para o suposto de impugnación dalgunha das 10 preguntas. Cada pregunta só ten unha resposta correcta.

2ª **Caso práctico:** Exponse unha situación de traballo con 3 preguntas tipo test sobre a mesma.

- O tempo do que se dispón para a realización das dúas partes do exame é de 40 minutos.
- Non se permite usar ningún tipo de dispositivo móbil nin calculadora, durante a realización dos exercicios.
- As respostas incorrectas e as preguntas sen resposta (en branco) **NON penalizan**.
- O exame deberase cubrir marcando a opción de resposta que considere correcta. Se na mesma pregunta hai varias respostas marcadas considerarase como incorrecta.
- Se a persoa marca unha resposta e posteriormente cambia a súa opción, deberá indicar de maneira clara cal é a resposta correcta.

**1ª PARTE: CUESTIONARIO TIPO TEST**

1.- **Como se denomina a canle aberta nunha parede para meter tubaxes, cables, etc?**

- a) **Roza**
- b) Xunta
- c) Fisura

2.- **Con cal destas ferramentas se pode comprobar a verticalidade dunha parede?**

- a) Un nivel de auga
- b) Un flexómetro
- c) **Un nivel de burbulla**

3.- **Que instalación do concello de Outes está situada en Os Prados, Lugar de Boel?**

- a) Polideportivo municipal



b) Casa da Cultura

c) **Piscina municipal**

4.- **Que nome recibe unha pesa, normalmente de metal, cónica ou cilíndrica que marca o nivel vertical?**

a) Paleta

b) Calibre

c) **Plomada**

5.- **Cantas baldosas de 50 cm x 50 cm se precisan para cubrir un metro cadrado de solo?**

a) 1 unidade

b) 2 unidades

c) **4 unidades**

6.- **En primeiros auxilios cal é a secuencia correcta de actuación?**

a) **Protexer, alertar e socorrer**

b) Alertar, protexer e socorrer

c) Non facer nada

7.- **En que artigo da Constitución se establece que: *todos os españois son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social?***

a) Artigo 20

b) **Artigo 14**

c) Artigo 27

8. **Que tres conglomerantes serven para unir materiais?**

a) **Cal, ieso e cemento**

b) Cal, ieso e area

c) Cemento, grava e area



9.- **Quen preside o Pleno?**

- a) O/A secretario/a do concello
- b) O/A primeiro/a Tenente de alcalde/alcaldesa
- c) **O/A alcalde/alcaldesa**

10.- **Cando traballamos cunha desbrozadora en funcionamento, cal é sentido no que vemos xirar o disco?**

- a) No sentido das agullas do reloxo
- b) Depende do elemento de corte
- c) **No sentido contrario as agullas do reloxo**

PREGUNTAS DE RESERVA

1.- **Que é un encofrado?**

- a) Un puntal
- b) **Un molde**
- c) Parte dunha estada (andamio)

2.- **Cantos centímetros son 3,5 metros?**

- a) 35 cm
- b) 3500 cm
- c) **350 cm**

3.- **Un EPI é:**

- a) **Un equipo de protección individual**
- b) Unha ferramenta de albanelaría
- c) Unha ferramenta de xardinaría



## 2ª PARTE: CASO PRÁCTICO

Como traballadores municipais, o parte do traballo do día indícanos que debemos facer mantemento e reparacións nun dos parques infantís do Concello. As tarefas consisten en:

- 1.- **Cambiar a superficie do chan do parque: As medidas do parque de 20m de ancho e o dobre de largo. As pezas de caucho que imos poñer no chan miden 500cm de ancho por 200cm de largo.**
- 2.- **Plantar árbores nunha superficie anexa ao parque de 32m de ancho por 30m de largo.**

Tendo estes datos, a continuación responda as seguintes cuestións:

1.- Tendo en conta a superficie total do parque e as medidas das pezas que hai que poñer no chan que se indicaron anteriormente **indique o número de pezas de caucho que serían necesarias para cubrir a superficie do parque:**

- a) **80 pezas**
- b) 60 pezas
- c) 70 pezas

2.- Tendo en conta que cada árbore que imos plantar necesita 4m<sup>2</sup> para crecer, **calcule cantas árbores se necesitan para cubrir toda a zona anexa do parque.**

Solución: O número total de árbores que necesitamos para cubrir toda a zona anexa é de: **240**

3.- Realizando estas tarefas, un dos traballadores sofre un corte. **Ante unha hemorraxia externa no brazo que sangra abundantemente:**

- a) Colocar gasas estériles sobre a ferida sen aplicar presión
- b) Colocar gasas estériles sobre a ferida, aplicando presión, polo menos durante 10 minutos e ir cambiando as gasas segundo vaia sendo necesario
- c) **Colocar gasas estériles aplicando presión durante, polo menos, 10 minutos e posteriormente, sen sacar as gasas que xa se aplicaron, aplicar unha vendaxe compresiva**

Asinado: \_\_\_\_\_

